XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

COMISIÓN TÉCNICA DE ACCESIBILIDADE
DITAME
NÚMERO DE REXISTRO A 54/2011

ASUNTO: Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reurbanización de Espazos interiores no grupo 502 de vivendas de promoción pública nas rúas Bueu, Moaña, Vilagarcía e Camiño da Raposa, no polígono de Coia, en Vigo

Dolores Novo Gutiérrez, secretaría da Comisión Técnica de Accesibilidade, expide a seguinte:

Esta fotocopia é fiel e exacta reprodución do seu orixinal.
Santiago, 11 SET. 2012
A XEFA DO SERVIZO DE SOLO RESIDENCIAL
Vanessa Díaz Rios

CERTIFICACIÓN:

Que en sesión celebrada o 4 de novembro de 2011, en relación co expediente nº A 54/2011, adoptouse por unanimidade o seguinte DITAME:

ANTECEDENTES:

"En relación co asunto de referencia, o peticionario aporta "Documento de aprobación inicial" co obxecto de que se emita ditame ao respecto.

INFORME:

O Plan Especial ten por obxectivo, entre outros, a mellora da accesibilidade dos edificios e do contorno urbanizado. Contempla a instalación de ascensores exteriores que comunican, mediante ramplas, as diferentes plantas dos edificios. Ademais, relacionan as diferentes barreiras urbanísticas detectadas e as cualifican en función da súa dificultade de eliminación, se ben no documento non se especifican as actuacións concretas a acometer para resolvelas.

Dende esta perspectiva, a Comisión Técnica de Accesibilidade considera que os obxectivos que persegue o Plan Especial se corresponden cos deberes de

adaptación gradual dos espazos de uso público existentes que recolle a normativa de accesibilidade, e polo tanto infórmase favorablemente.

Todo isto sen prexuízo das solucións concretas que se dean ás diferentes barreiras que agora se enumeran nos documentos de desenvolvemento do Plan, e que deberán ser avaliadas unha vez definidas".

De acordo co previsto no artigo 27.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ponse en coñecemento do destinatario desta certificación que a acta onde consta o ditame transcrito aprobarase, no seu caso, na próxima reunión da Comisión Técnica de accesibilidade, polo que a presente certificación expídese sen prexuízo da posterior aprobación da acta correspondente.

E para que conste, a petición do interesado, expídese a presente certificación en Santiago de Compostela, a 18 de novembro de 2011.

XUNTA DE GALICIA · CONSELLERIA DE TRABALLO E BENESTAR · COMISIÓN TÉCNICA DE ACCESIBILIDADE

Esta fotocopia é fiel e exacta reprodución do seu orixinal.

Santiago, 11 SET. 2012

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

A XEFA DO SERVIZO DE SOLO RESIDENCIAL

Vanessa Gil Ríos